

Outro ano máis a revista *Trégola* do instituto de ensinanza secundaria Santa Irene sae do prelo para dar voz e expresar a opinión dos alumnos do centro.

Neste ano 2009 aconteceron moitas cousas das que nos facemos eco nesta revista:

A fatídica vitoria electoral do PP nas eleccións autonómicas, a invención por parte do españolismo máis trasnoitado dunha crispación lingüística e, nun rexistro máis agradábel a concesión do GZ crea ao grupo Spasmo pola súa obra PRESAS ou o cambio político nos EEUU coa presidencia de Barak Obama.


O 2009 foi tamén o primeiro ano no que se celebrou de forma organizada o Entroido no noso instituto no que todos gozamos como ananos.

Tamén atoparedes seccións clásicas coma as creacións literarias gañadoras do certame de creación literaria das letras galegas ou esas frases lapidarias dos nosos profesores coas que todos nos rimos tanto e as semellanzas destes con outros coñecidos.

Para finalizar dende a redacción de *Trégola* desexamos que gocedes da nosa revista e animámosvos a colaborar connosco o ano que ven.

Trégola

INSTITUTO SANTA IRENE



TRÉGOLA SOMOS

Alejandro Comesaña	1º Bach C
Amara Pérez	4º ESO A
Andrea Conde	4º ESO A
Borja Aguiar	2º Bach E
Catarina Pérez	2º Bach E
Elías Centeno	2º Bach A
Elías Fernández	2º Bach A
Eva Álvarez	4º ESO A
Hugo Ferradáns	4º ESO A
Lorena Durán	2º Bach B
Marta Fernández	4º ESO A
Miriam Benítez	2º Bach E
María Vieites	2º Bach A
Mateo Ramos	2º Bach A
Rosalía Fernández	2º Bach A
Sara Collazo	2º Bach E
Sara Pérez	2º Bach D
Saray Temes	2º Bach E
Sergio Valverde	2º Bach B

COLABORADORES:

Carlos Gil	4º ESO C
Marta Paredes	1º Bach E
Alejandro Salse	2º Bach C

PORTADA:

María Vieites

DESEÑO GRÁFICO:

Miriam Benítez
María Vieites

FOTÓGRAFOS:

Bernardino Gándara
Elías Fernández
Mateo Ramos

COORDINADOR E ASESOR LINGÜÍSTICO:

Sindo Fernández

Eleccións Autonómicas 2009

O pasado día 1 de marzo, tiveron lugar as eleccións autonómicas que levaron a un cambio de goberno.

Galiza decidiu cunha masiva asistencia ás urnas que o PP volveira a Galiza despois de 4 anos de liberdade.

Isto supuxo unha grande decepción para os sectores máis comprometidos con Galiza que aspiraban, con outros 4 anos de gobernos bipartito, continuar o proceso de modernización do noso país.

Moitos de nós esperabamos que continuara o proceso renovador social e cultural que se levaba dando ao longo destes catro anos. Pero sen embargo, o pobo galego decidiu voltar á política represora e antigaleguista que xa amosaran os populares en dezaseis anos de goberno de Fraga.

Trégola entrevistou a Santi Domínguez tenente alcalde de Vigo polos resultados dos últimos comicios autonómicos e polo proceso sucesorio dentro do seu partido.

Trégola: *¿Por que pensas que fracasou o bipartito?*

Santi Domínguez: O noso fracaso nas eleccións penso que maioritariamente está causado porque un goberno bipartito non se pode mostrar como dúas forzas separadas, senón que debe traballar conxuntamente.

Eu son partidario de gobernos de coalición, bipartitos ou tripartitos, porque así non se impón a ideoloxía dun só partido senón que hai que chegar a acordos.

Este goberno non soubo dar a imaxe de unidade que facía falla.

T: *¿Que pensas da asistencia masiva as furnas?*

S: Cando hai dúas forzas maioritarias e o resultado non esta nada



.....

O que fixo o PP

e a propia Galicia bilingüe

foi crear un problema

que realmente

nunca existiu

en Galiza

.....

claro, o lóxico e que as dúas chamen as furnas para votar.

T:- *¿Pensas que a campaña sucia do PP afectou no resultado?*

S: Quero pensar que non. Quero pensar que a xente votou polo que realmente pensa e non debido as difamacións nas que baseou a súa campaña o partido popular, non se pode basear unha campaña electoral en calumniar aos outros candidatos.

T: *¿Que opina da «suposta» Galicia bilingüe que apoia o PP?*

S: O que fixo o PP e a propia Galicia bilingüe foi crear un problema que realmente nunca existiu en Galiza. Aquí nunca houbo problemas para que unha persoa aprenda a falar en castelán e mais ben o revés o galego esta sendo relegado do uso normal e é quen corre perigo. Pero non creo que consigan levar a cabo o proxecto, unha

.....

Flores, flores e mais flores

e de flores non se vive

.....

cousa é apoiar un partido político e outra moi diferente renegar da lingua e penso que os galegos estamos moi apegados ao noso, como espero que se demostre o 17 de maio en Santiago.

T: *¿Por que pensas que xurdiu tanta polémica coas galescolas?*

S: Penso que non soubemos vender a proposta coma nós queríamos, facendo demasiado fincapé no nome. O obxectivo era dotar a Galiza dunhas escolas infantís co mesmo nivel cas escolas privadas. Ademais xurdiron demasiadas difamacións totalmente erróneas como que se lle ensinaba o himno galego ou que se intentaba inculcar unha doutrina política.

T: *¿Por que cidades gobernadas polo BNG como Pontevedra lle deron o apoio o PP?*

S: Non ten nada que ver as eleccións locais coas autonómicas, son candidatos diferentes e non adoita influír o traballo que se realiza na cidade co apoio que se lle dea a ese partido nas autonómicas a menos que a persoa estea moi cabreado por algúns feitos.

T: *Sinceramente, ¿cal pensas que será o resultado das seguintes eleccións locais?*

S: Eu teño un desexo, que é que o BNG recupere a alcaldía, por iso imos seguir traballando, para recuperar o apoio que perdemos. Non me gustaría que volvесе a dereita a Vigo, xa tivemos experiencia dunha alcaldesa do PP e

xa vimos o que fixo, flores, flores e mais flores e de flores non se vive, a política dunha cidade vai moito máis alá que pór flores.

T: *Despois do resultado das eleccións, ¿vai variar a relación entre PSOE e BNG na cidade?*

S: Espero que non, o resultado non debería de repercutir no noso acordo para seguir traballando por Vigo, ademais estamos contentos porque aquí o BNG non perdeu tanto apoio coma noutros lados.

T: *¿Que consecuencias cres que terá o cambio de goberno en Galiza?*

S: Sinceramente espero e desexo que non cambie todos os proxectos que tiñamos en marcha, aínda que vendo as primeiras pinceladas e a experiencia deses 16 anos de goberno do PP nos que se dedicou a privatizar a sanidade, conceder subvencións a empre-

.....

Incluír medioambiente

e urbanismo

na mesma consellería

é unha declaración

de intencións

.....

sas privadas, colexios concertados... non sei que pensar!

T: *¿Pensas que a suposta imposición da lingua afectou no resultado?*

S: Penso que si, aínda que me gustaría deixar claro que non se fixo nada novo, o único que intentamos foi cumprir o que xa estaba normativizado defender a nosa lingua xa que outros non o fixeron.



.....

**Todos somos BNG
e todos traballamos
polo BNG**

.....

T: *¿Pensas que Quintana tomou a decisión correcta ao dimitir?*

S: Penso que demostrou ser un gran político non ao dimitir el senón ao dimitir a todo o seu equipo. É un gran líder, soubo dimitir a tempo e non se aferrou ao poder como fixeron outros, de todos modos considero que a carreira política de Quintana aínda non rematou.

T: *¿E Touriño?*

S: Cando un goberno fracasa, parte da culpa e do cabeza de goberno, por iso era inevitable a súa dimisión.

Por outra parte tampouco souberon levar a campaña electoral, non se pode criticar o partido que che permitiu gobernar.



T: *¿Cres que afectara ao futuro do partido as discrepancias internas?*

S: Aínda que despois das eleccións se acentuaran as diferencias entre irmandiños ou a UPG, todos somos BNG e todos traballamos polo BNG.

T: *Cando Obama chegou ao poder dixo que non se podía facer política para todos, nembargantes*

Feijoo dixo que ía facer un goberno para todos ¿cres que é posible?

S: Non, se intenta facer unha política para todos xa sabemos a quen vai favorecer, o BNG intenta facer unha política discriminatoria favorábel para a clase traballadora.

T: *¿Que opinas de que se xuntasen consellerías como a de medio ambiente e urbanismo?*

S: O de incluír medioambiente e urbanismo na mesma consellería é unha declaración de intencións, unha estratexia para poder construír sen control ningún.

T: *¿Que lle pedirías a Feijoo?*

S: Pediríalle que non actuara por partidismo, e como vigués que é que non se esqueza da nosa cidade. Ademais tamén que seguira adiante co xa establecido nestes catro anos.

Lorena Durán Vello
2º Bach. B



María Vieites Rivera
2º Bach. A



¿A loita pola «vida» ou pola influencia na sociedade?

A foto dun bebé vestidoño e sorrindo feliz. Ao seu carón a foto dun linxe, na que se pode ler “linxe protexido”. E a brillante frase: “E eu... protexe a miña vida”.

Así é a nova campaña da Conferencia Episcopal. Unha campaña en resposta ao anuncio, por parte da ministra de igualdade Bibiana Aído, dun proxecto de reforma da lei do aborto.

Actualmente no estado español soamente se pode abortar baixo tres supostos: se existe perigo grave para a saúde física ou psíquica da embarazada (sen prazo), no caso de que o embarazo sexa consecuencia dunha violación denunciada (ata 12 semanas) e no caso de que o feto teña graves problemas físicos ou psíquicos que impidan que teña unha vida sa (ata 22 semanas).

Estes supostos deixan fóra do marco da legalidade moitas situacións particulares. Un exemplo: unha pare-




lla que emprega sempre o preservativo como medio de protección, sofre unha rotura do profiláctico e non se dá conta. A muller queda embarazada dun bebé que non esperaba e que non desexa, e a parella ten que cargar cunha responsabilidade de súpeto. A lei non contempla este tipo de casos, por iso unha lei de prazos é necesaria. É necesaria para que as mulleres academos pleno dereito para decidir sobre a nosa vida, sobre o noso corpo. Pero sobre todo é necesaria para demostrar que a presión exercida pola Conferencia Episcopal non pode co noso goberno.

.....

**«A relixiosidade e a fe
pertencen
ao mundo interior
das persoas»**

.....



.....

**«Unha lei de prazos
é necesaria»**

.....

A relixiosidade e a fe pertencen ao mundo interior das persoas, pero non deben repercutir na vida pública dun Estado. A Igrexa Católica pensa que esta lei fará que todas as mulleres aborten e que xa non nazan máis nenos. Semella que non é unha lei que é unha imposición. Desta maneira poñen o grito no ceo e promoven campañas como a xa citada ou que en todas as procesión de Semana Santa a xente leve un laciño branco para defender a vida. Parece que os ateos, as mulleres que queren controlar a súa vida e o goberno estiveran a apuntar aos ventres das embarazadas con fusís e estiveran a piques de disparar. Un despropósito.

Un exemplo máis de que no noso país a influencia da Igrexa Católica é moi forte, tanto que pode supoñer unha escisión na opinión pública e, o que é máis grave, unha intromisión na vida política española.

Eu, como muller e como persoa, soamente espero que esta lei siga adiante e que sexa aprobada. Un dereito máis que acadaríamos. Unha loita que gañaríamos sobre a dura cruz que pesa sobre as nosas vidas privadas e públicas, esa cruz que proxecta unha sombra moi, moi escura, sobre o noso país.

Saray Temes Cuevas
2º Bach. E



Presas

Presas foi nun primeiro momento levado a cabo por un grupo de mozos e mozas que, para rematar os seus estudos na Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, representaron esta obra baixo a dirección de Ernesto Caballero, seguindo o texto de Verónica Fernández e Ignacio del Moral.

A obra trata da vida de 16 presas nun cárcere presidido por monxas na época franquista.

Xa levaba algúns anos na mente de Bernardino a posibilidade de facer esta obra pero a un nivel máis baixo, a un nivel de teatro escolar no IES Santa Irene.

No curso 2007-2008, como todos os anos, o grupo de teatro do noso instituto, Spasmo, preparou esta representación coas mellores intencións e ganas.

Todo comezou como unha obra máis co único obxectivo de ser representada ao final do curso para os alumnos do centro. Sentímonos moi a gusto con esta montaxe, xa que nos pareceu moi innovadora, e dábanos a posibilidade de poder participar a todos por igual, ao non haber ningún papel que sobresaíse sobre os demais. Ademais eramos case todas mulleres, e Presas supuxo a mellor solución.

Como decorado, contabamos unicamente cuns somieres vellos. Os nosos recursos eran escasos. Aínda con todo, demostramos que se pode facer un bo teatro sen necesidade de moito atrezzo, mentres que haxa intención e traballo.

Despois de varias representacións no instituto, Bernardino, que nos confiara a tarefa de levar á escena a



montaxe, decidiu enviar un vídeo da obra a un concurso, GZCREA, para novos creadores.

Ao regreso das vacacións sorprendeunos moito a noticia de que fomos elixidos entre os seis mellores grupos non profesionais. A noticia chegounos a través dunha compañeira, que, impaciente por saber as novas, buscou en internet. Ao principio pensabamos que era unha broma, que nos estaba a tomar o pelo, ata que Bernardino nos reuniu e confirmóunolo.

E alá fomos, dirixíndonos a Cangas para representar a nosa obra ante un xurado formado por xente recoñecida polo seu traballado enriba dos escenarios... foi realmente emocionante poder actuar nun teatro coma aquel. Grazas as comodidades das que estaba dotado (caminos, luces, biombos...) vimos a obra dende outra perspectiva diferente. Xa nos chegaba con participar nun concurso daquelas magnitudes e polo tanto nin se nos pasaba





pola cabeza gañalo. Non nos sentiamos nada en comparación cos nosos contrincantes, aínda que Bernardino depositou en nós a confianza que nos faltaba.

Os nervios estaban a flor de pel! Pero dúas semanas máis tarde chegounos a boa nova: **GAÑAMOS!!!**

Como premio de 3000 euros e o mellor de todo: representar a nosa obra en Santiago.

E alá fomos. Chegamos a Santiago, cun sorriso e no Teatro Principal non cabía unha agulla. Non había quen nos aturase, para variar, pero alí estaban todos os nosos compañeiros, familiares, profesores e

amigos apoiándonos...e polo tanto todo saíu ben.

Pero para nós non foi unha simple obra foi moito máis...foi unha experiencia que non esqueceremos. Entre o grupo creáronse uns lazos afectivos moi fortes porque máis que nun grupo converterámonos nunha gran familia xunto con Bernardino e

Sindo que confiaron en nós para levar adiante este proxecto demostrando que o teatro escolar tamén pode ser bo teatro.

E por iso, sempre levaremos connosco esa presa que tanto tempo viviu dentro de nós.

*Redacción Trégola,
2º Bacharelato*

.....

Sempre

levaremos connosco

esa presa

que tanto tempo

viviu dentro de nós

.....



J.F.K.

John Fitzgerald Kennedy (Brokline, Massachussets, 29 de maio do ano 1917) foi o trixésimo quinto presidente dos EEUU dende o ano 1961 ata o seu asasinato o 22 de novembro do ano 1963 en Dallas. Ata aquí moi ben, pero quen é JFK?

Serei moi tallante John Fitzgerald Kennedy evitou a 3º guerra mundial no caso chamado “a crise dos mísiles de Cuba” durante a guerra fría con Rusia. A Unión Soviética comezou a trasladar pezas de bases nucleares a Cuba e Kennedy puxo en corentena a mesma, nada podía saír nin entrar en Cuba, arriscouse a que a Unión Soviética ó sentirse acurrallada disparara o seus mísiles contra EEUU polo tanto os EEUU tería que disparar os seus, e deus sabe como acabaría a historia. Total, tras unhas negociacións nas que JFK acordou non invadir Cuba, xa que estes eran aliados de Rusia, a cambio de que retirase o seu armamento nuclear rematou a historia, pero isto non foi tan fácil,

Kennedy viuse sometido a moita presión xa que os propios membros do goberno querían entrar nun conflito desa magnitude coa Union Soviética, membros diría eu con ideas moi intransixentes, que non terían en conta como Kennedy o ben estar mundial a cambio de “ceder”.

O resultado do conflito non sentou moi ben a moita xente do goberno, decatáronse que terían un home no poder en busca da paz; ben, queridos lectores, a política é diñeiro e cando hai alguén que corrompe esta política hai represalias, imaxinémos por un momento unha 3º guerra mundial e o diñeiro que custaría co fin de que quen tivese o poder calmase as súas ganas de vinganza política fronte á Unión Soviética e sobre todo embolsase os petos ben de diñeiro, a “crise dos mísiles” non é máis que un exemplo da bondade de Kennedy, un home que cría na paz e a perseguía ata que a paz chegou para el. O 22 de novembro do ano 1963 foi asasinado en Dallas-Texas



nun paseo presidencial en coche mentres saudaba ós seus agradecidos cidadáns da política que levaba a cabo. Aquí era onde quería chegar, da investigación encargábase a comisión Warren que tras unha investigación de anos declarou que Lee Harvey Oswald asasinou ao presidente cun rifle de longo alcance dende un almacén de libros e que actuou só executando 3 disparos en 5,6 segundos dos cales un feriu a un policía dos arredores errando o branco, o 2º disparo é a famosa bala máxica que explicarei a continuación e o último foi na cabeza e o mortal, a comisión Warren baséase na teoría da “bala máxica” para a solución do caso, un tirador (Oswald) e tres disparos.

.....

***O 22 de novembro
do ano 1963 foi asasinado
en Dallas-Texas nun paseo
presidencial
en coche***

.....



.....

**Lee Harvey Oswald
era un axente da CIA
que foi utilizado
polo seu propio goberno
como cabeza de turco**

.....

Xa falei do 1º tiro e do 3º, pero e o 2º? A teoría da “bala máxica” explica dúas feridas de Kennedy e 4 de Connally (o gobernador de Texas que estaba situado xusto diante del): a bala penetra nas costas do presidente nun ángulo de 17º (ferida nº1) logo xira cara arriba atravesando a parte frontal do pescozo de Kennedy (ferida nº2) a bala detense curiosamente 1,6 segundos no aire quizais? É moi irónico, dende aí xira á dereita, logo á esquerda, e logo outra vez á dereita e penetra no corpo de Connally na parte posterior da axila dereita, a bala segue cara abaixo nun ángulo de 27º rompendo unha costela de Connally (ferida nº3) e saíndo polo lado dereito do peito (ferida nº4) a bala xira á dereita e rómpelle o pulso dereito (ferida nº5), entón xira radicalmente e fere o **seu muslo**, (ferida nº6) esta mesma bala encóntrase case intacta despois de atravesar ósos e músculos, sinceramente é moi inve-



rosímil, polo tanto é evidente que houbo máis de tres disparos e un 2º tirador, xa que nin o mellor tirador do mundo efectúa tres disparos cun rifle desas características acertando de pleno no terceiro disparo e todo en 5,6 segundos. Polas imaxes do paseo presidencial demóstrase que se produciu un tiro cruzado dende varios puntos, o último corroborárono véndose perfectamente como Kennedy é abalanzado cara atrás e á esquerda cando o almacén de libros, lugar onde supostamente estaba Oswald cando o asasinou, estaba situado tras el e escorado á dereita. O máis probable é que o tirador do impacto mortal estivera situado nun montículo de terra detrás dunha valla lixeiramente máis adiantado que o coche presidencial e á súa dereita. Tamén é moi curioso que a Oswald o capturaron unha hora despois do asasinato no cine Texas, cando sae arrestado hai xente insultándoo e acúsano de asasinar a Kennedy, el di que non é máis que un cabeza de turco, é evidente que alguén sabía que estaría alí, ao día seguinte mátno quedando así sen unha peza fundamental no descubrimento da verdade. Lee Harvey Oswald era un axente da CIA que foi utilizado polo seu propio goberno como cabeza de turco, nesta conspiración participou

claramente a comisión Warren ocultando un montón de datos co fin de que non se soubera nunca a verdade como por exemplo testemuñas que dixeron oír disparos do montículo de terra xusto detrás deles, nunca se soubo nada desta xente.

Aínda hoxe en día non se sabe a verdade pero o que está claro é que foi unha conspiración contra Kennedy, tempo despois do suceso foi asasinado ao seu irmán, candidato á presidencia, e tamén Martin Luther King persoas con moitos valores humanos asasinados por “locos solitarios”, non creo nada nadiña, no ano 2038 por lei desclasificáronse arquivos da CIA e por fin saberemos toda a verdade, pero estou seguro de que nos mentirán outra vez, o mundo está dirixido polos máis poderosos e non están dispostos a perder o seu poder, pero queridos lectores sinto dicirles que esta é gran parte da natureza do ser humano.

Quería agradecer a Ángel a axuda que me ofreceu para a investigación de todos estes datos, e por suposto tamén a quen lle dedicou tempo a ler este artigo.

Sergio Valverde Costas
2º bach B

Un negro na casa branca

O éxito sen precedentes acadado por Obama nas últimas eleccións norteamericanas non debe atribuírse unicamente á casualidade ou ao espléndido traballo colectivo e mediático da súa campaña. Non. Esas grandes persoas que chegan a converterse en iconas do seu tempo, en lendas da posterioridade, conducen a súa vida en base a aquelas cousas que outros xa teñen feito. Nos seus discursos, Obama soe recorrer a Lincoln ou a Kennedy para falar do cambio ou da esperanza. É moi fácil citar aos vellos queridos presidentes, é o que fai todo o mundo. Gustaríame poder ver algún día un presidente que cite a Tupac Shakur nesos discursos sobre un mundo mellor. Obama non citaría a Tupac, pero, desde logo, é moito máis que un repite tópicos do patriotismo norteamericano, a súa mensaxe vai máis alá.

Recoñezámolo ou non, a todos nos tería gustado meter unha papeleta coa palabra "Obama" nunha urna. Por iso, dende todas partes, dende calquera cidade europea ou dende a aldea máis recóndita de África, celebrouse o seu triunfo. Pero pensando un momento, se Martin L. King non tivese soñado, o "fenómeno Obama" nunca tería acontecido,

.....

"Señor Obama,

seu

é o futuro"

.....



nin "yes, we can", nin "change, we need". Non tería existido Obama se Malcolm X non se tivese revelado contra a opresión do estado. O mesmo Malcolm X, a quen ningún

presidente cita, dixo un día que o futuro pertence a aqueles que desde hoxe empezan a preparalo. Sr. Obama, seu é o futuro.

Un día, Tupac Shakur, como outros moitos antes que el, quixo berrar no nome dos oprimidos, berrar que a liberdade lle mentira, que a xustiza necesitaba graduar a vista. Dez anos despois, só podemos desexar que os catro anos de mandato de Obama contribúan en verdade ao cambio.

A esperanza, en palabras de Obama, reside no pensamento de que non estamos tan divididos como os nosos políticos supoñen; xuntos poderemos escribir o próximo gran capítulo da historia. Se Martin L. King estivese vivo diría: si, este era o meu soño.

Anadya Álvarez Alonso
2º Bach. E.




«Nova política lingüística»

Nos últimos anos deuse a coñecer a plataforma Galicia Bilingüe que defende a igualdade lingüística no noso país, xa que as políticas da Xunta de Galiza e outros grupos en prol do galego están a por en perigo a lingua castelá.

Nesta liña denuncian a imposición lingüística da única lingua propia de Galiza en diversos ámbitos como a educación e a administración e a discriminación positiva que se produce cara os galegofalantes.

Trátase talmente da loita por unha Galicia bilingüe? Non é descoñecida para ninguén a situación plurisecular de discriminación da lingua galega respecto da lingua da metrópole. Esa suposta imposición fai referencia ás políticas de fomento do uso do galego impulsadas polo anterior goberno da Xunta de Galiza.

Un dos puntos fundamentais do seu programa é a elección, por parte dos pais dos alumnos, da lingua na que os seus fillos cursarán os seus



Creo que

movementos coma estes

o único que pretenden

é a castelanización de

Galiza, pondo en perigo

o noso idioma e con el

o noso principal sinal

de identidade como pobo



estudos, chegando a propor un *apartheid* lingüístico onde alumnos castelanfalantes e galegofalantes estarían separados en grupos e aulas distintas en función da lingua na que se escolleu que estudaran.

Trátase dunha verdadeira liberdade? O estudante non escolle a lingua na que quere ser educado se non que son os seus pais, os que dende moi pequenos marcarán este aspecto tan importante do seu futuro.

O único que se consegue con estas demandas e protestas absurdas é que, ó rematala ensinanza, existen grandes carencias no coñecemento dunha das dúas linguas.



Recordemos que Bilingüismo significa o coñecemento perfecto e o uso equilibrado e libre de dúas linguas por parte dun individuo ou grupo social e que o máis indicado para conseguilo, alomenos na educación, é a lexislación impulsada polo anterior goberno bipartito e coñecida como *Decreto do Galego*, que establece a obrigatoriedade de cursar alomenos a metade das materias en galego.

Creo que movementos coma estes o único que pretenden é a castelanización de Galiza, pondo en perigo o noso idioma e con el o noso principal sinal de identidade como pobo.

María Vieites Rivera
2º Bach A



Lorena Durán Bello
2º Bach B



Dúas placas, dúas historias

O Santa Irene foi desde tempos inmemoriais, alá polo pleistoceno, un xerador de grandes, artistas, políticos, escritores, músicos, científicos, arquitectos, inspectores de facenda... pero sobre todo de grandes persoas. Por isto este artigo vai adicado a todos aqueles aos que o Santa Irene (e a súa coñecida pantasma) influíu dalgunha maneira na súa vida.

Este ano, o artigo conmemorativo refírese a dous enxebres representantes do que o Santa Irene simboliza.

"Cada Instituto Debería Ter O Seu Propio Ferrín", Afonso García.

Puidemos escoitar frases coma estas na emotiva homenaxe que o día 28 de novembro de 2008 se lle adicou a Ferrín. Numerosos profesores e alumnos acudiron coas súas mellores galas a despedir a un dos que sen dúbida algunha será dos mellores mestres que tivo o Santa Irene. Ademais, o seu labor como escritor, conta cunha importancia que vai máis alá das nosas fronteiras, considerado un dos mellores escritores da narrativa contemporánea. Sen embargo non estamos aquí para falar da súa gran obra literaria.

.....

"Cada Instituto

Debería Ter

O Seu Propio Ferrín",

Afonso García

.....



O motivo central deste artigo é a placa conmemorativa que converteu a biblioteca do instituto no centro de estudos de Ferrín, a homenaxe tivo o seu momento mais emotivo cando os seus derradeiros alumnos lle entregaron un libro escrito por eles mesmos en mostra de agradecemento.

"Penso que unha vida adicada á música é unha vida fermosamente

empregada, e a isto adiquei a miña", Luciano Pavarotti

Esta frase podería resumir a actitude de Carme Basmayer, entregada profesora de Música do instituto recentemente xubilada. O seu grande labor docente, e o seu amor á música máis aló dos horarios lectivos levouna a programar a maioría das actividades culturais do centro,

.....

"Penso que unha vida

adicada á música

é unha vida

fermosamente empregada,

e a isto adiquei a miña",

Luciano Pavarotti

.....





tales como coros, concertos, que nos facían apreciar e gozar máis da música. Grazas a ela pódese gozar de concertos como os da Orquestra Clásica de Vigo, da Coral Máximo Gorky de Matamá, e outros moitos de música de cámara ou de música



folk. Este mérito veuse recompensado cando descubriu a placa que lle daría o seu nome á aula de música. Destacar da súa personalidade que sempre apoiou os xoves músicos a través, por exemplo, do concerto anual de Novos Talentos do Santa

Irene. Esta adicación extra foi agradecida coa presenza de antigos alumnos que tocaron na súa homenaxe.

Catarina Pérez Davila
2º Bach. E.



Anadya Álvarez Alonso
2º Bach. E.



Sara Collazo Álvarez
2º Bach. E.



Entroido 09

Este ano asistimos a un evento que non se festexaba dende hai moito tempo no noso prezado instituto, o Entroido, esa tradicional festa galega.

Os anos anteriores, a mañá do venres de Entroido transcorría coma unha mañá máis pero este ano non foi así, a partir das 12 da mañá, fixemos unha pequena festa a modo de concurso coma todos recordaredes. Os grupos inscritos foron desfilar con cadanseu espectáculo de luz e son por diante do xurado. E este decidiu finalmente a quen se lle entregaban un total de catro premios. Os premiados foron “Denisnieves e os sete ridículos”, “Os chicos Boom-Boom” ou “Os zombis” entre outros. Hai que dicir que o tema dos disfraces foi un auténtico éxito, estes foron moi variados e destacaban disfraces de ananos, Denis-



nieves, supermán, vaqueiros, indios e mesmo D’Artagnan que tamén andaba por alí. Porque hai que ter en conta que non foron só os alumnos os que se disfrazaron senón que houbo tamén gran parte dos profesores que se uniron á festa con disfraces de todo tipo. A parte da festa, o

tempo acompañounos xa que foi un día con sol e dos de máis calor de febreiro, cousa estraña neste país que adoita a chover por esas datas. Digno de mención é tamén un elaborado cartel que apareceu pegado misteriosamente na conserxería e que lle deu un toque de humor á festa.

O Entroido do Santa Irene 2009 foi un auténtico éxito e apenados os que marchamos porque isto non empezara antes, desexamos nembargantes que se siga facendo no futuro.

Recordade que podeades ver algunhas das fotos dese día na páxina web do instituto <http://centros.edu.xunta.es/iessantairene>.

Mateo Ramos Merino
2º- Bach. A



Frases célebres 2008 • 2009

Conchita:

- La Restauración es el meollo del cogollo del tema.
- Estaos tranquilitos, que saco la guillotina y la armamos.
- Los franceses se empeñaron en hacer un ferrocarril. ¿No podían haberse comprado un Scalextric? Ah, es verdad, que en esa época no había.
- Los rusos llevaban unos Kalashnikov que tenían la mira más torcida que una escopeta de la feria.

Juan Carlos:

- No se puede estar en un campo de fútbol metido en la Iglesia.
- Tú te crees muy graciosa, pero estás demostrando que eres idiota.
- Profe, ¿cómo valía cada exercizo? No sé, no probé a ponerlos a la venta.
- Yo no sé si sois idiotas o es que os falta algo en el cerebro.
- ¿Pero vosotros sois idiotas o retrasados mentales?

Sofía:

- ¡Qué alboroto! ¡Le ha tocado el perrito piloto! ¿Nunca habéis ido a una tómbola?"
- Esta clase está impregnada de filosofía hedonista, buf.

Sara (galego):

- Non hai que vir fumados á clase, eh?
- Por sorte, o mundo é máis grande que o instituto Santa Irene...

Anxo (filosofía):

- En Portugal, aunque os parezca extraño, los hombres fuertes y rudos en las pastelerías comen pasteles.
- Bárbaro, no seas gólfido.
- Si estudiaseis en lugar de ver pecados en el internete...
- Esto huele a cristianismo.
- Los idiotas son unos seres que tienen un poquito (o un muchito) de retraso mental.
- Luego os vais en el recreo al Carballo 3 y os tomáis una Coca-Cola y un bocata de calamares.
- Esto es como cuando un niño pequeño se da un golpe con una mesa y le pega a la mesa porque es mala.

Viéitez:

- El caballo es el animal del sexo.
- En Chantada sólo se acuchillan cerdos, tú llevas un cuchillo, y lo acuchillas.

Chema:

- La clase es de quien la trabaja.
- Yo no te estoy llamando idiota, pero los idiotas hacen eso.
- No hay peor ciego que el que no quiere oír.
- Tú aprendes las cosas superficialmente.
- ¡¡Ay va, Dios!!

Pilar (inglés):

- Todo lo demás es papel mojado sobre ruedas.

Moncha:

- ...Dúchate!!!
- Ou calades ou tírovos pola ventana.
- Si Valle-Inclán se levantase escribiría otro esperpento.

María Antonia:

- Requeterequeterequete.
- Cachorritos de célula.

Sousa:

- ¿Captas? Evidenteeeeeee.
- Somos los mejoreeeeees, clarooo, fácil, no fallamos ni una...
- ¿Te das cuen? Pero hay que... estudiar.
- Si el satélite choca, despedimos al ingeniero, claro.
- Matemáticas.....Dani.....fáciles.....clarooo.....
- Y eso lo dije muchas veces, clarooo, siempre dibujito, siempre dibujito.
- Eres un trapallas, hazme las cosas bien, clarooo.
- Hemos encontrado un adivino, clarooo. Sabe la solución de los problemas antes de hacerlos, eso ni Leonardo da Vinci.
- Como Mediamark, Yo no soy tonto. A mí no me pillan, clarooo.
- Todos, todos, y cuando digo todos son todos, todos, todos.
- ¿Para qué quiero una cocina si tengo espejos parabólicos?

Armando Guerra:

– Cuando caiga mierda del cielo no se preocupe, no está lloviendo mierda, es usted que se ha salpicado.

Berni:

– A cultura é así: collemos o mundo e lle poñemos alfombras.
– Somos un mono listo. Hoxe veño despreciable logo non me desprecies.

Sindo:

– ¿Cal é o negocio máis rico do mundo? A Igrexa.

Torrado:

– Y para mí un cubalibre por favor.

Xacinto:

– Cada día te quiero más por lo bien que te explicas.
– No te saques el conejo de la chistera.

Salva:

– A mi primera novia la deje por pesada.

María (CMC):

– No soy como el champán francés, no me agites...

Redacción Trégola

Parabéns

Como tódolos anos os alumnos do Sta. Irene que destacan nalgunhas materias presentáronse as olimpíadas de diferentes materias.

Dende **Trégola** queremos darlles os nosos parabéns para os olímpicos de matemáticas e química que conseguiron uns excelentes resultados.



En especial ós finalistas matemáticos:

– Javier Blanco Cordero, 1º Bach. B
– Suso Conde Lgo 1º Bach. A

E de química:

– María Vieites Rivera 2º Bach. A

Redacción Trégola

A crise bancaria

AMIGOS:

Hoxe imos falar da crise bancaria, pero non dunha calquera. Non imos explicar o que lle aconteceu ao Santander ou ao BBVA nesta época de recesión, ímonos centrar no aspecto máis cotián e humano, que afecta aos estudantes de Bacharelato. Imos falar deses pequenos seres que nos proporcionan descanso e consolo, que nos soportan a diario, que nos comprenden e escoitan, nos que se chegaron a tomar importantes decisións, ata de Estado: imos falar dos auténticos bancos (dos de sentarse, vamos).

Lida esta parte, alguén se estará a preguntar, de que historias nos están a falar estes dous? Para responder a isto, o mellor é comezar o noso relato no 23 de setembro de 2008, o día que cambiou as nosas vidas.

O inicio deste curso supuxo para os estudantes de 1º de Bacharelato un importante paso, acadamos esa madurez, esa independencia, esa liberdade que non tiñamos na educación obrigatoria: atopamos o noso Santo Graal particular. Ao principio todo era perfecto: unha nova aula, novos compañeiros, novos profesores... Todo iso supuxo un gran cansazo, polo que saímos ao corredor. Foi entón cando o divisamos, era un oasis no noso deserto particular, un búnker nunha guerra, a nosa salvación: un banco.

Si, amigos, así comezou todo, desta forma tan sinxela. Eramos só

.....

***“Tivemos que soportar
cambios de clase
sen ter onde sentar”***

.....

.....

“Chegamos á guerra de trincheiras”

.....

uns nenínos de 16 anos de vida, é dicir, “nada”.

Así, pasamos os primeiros días, gozando da nosa situación privilexiada, sen preocupacións aparentes, debatendo asuntos tan importantes como onde mercar algo de comer no recreo e as causas da inexistencia de espellos nos baños: era o Ceo na terra, o noso Edén propio. Todo ía perfectamente pero un 23 de outubro descubrimos que o noso amado banco non estaba. O primeiro que se nos ocorreu foi botarlle a culpa aos extraterrestres, que o roubaran para examinalo, ou que o espírito do Santa Irene o reclamara para si: todo era posible.

Andabamos todos divagando sobre os posibles causantes do roubo e, cando estabamos a piques de queimar a varios por bruxería, alguén sinalou co dedo cara as aulas de 2º de Bacharelato e descubriu, como Colón descubriña América, o paradoxo do noso querido banco, usurpado polos estudantes de maior idade.

Ao decatarnos disto fomos ao rescate do noso tesouro, obrigado a estar no lugar que non lle correspondía. A nosa resposta fixo estalar a guerra. Así, comezou unha guerra de guerrillas entre 1º e 2º de Bacharelato na que en cada recreo os bancos estaban nunha posición distinta. O conflito foi longo e duro. Perdemos moitos homes e mulleres na batalla, agora considerados heroes. Tivemos que recuperar un banco ante a mira-



da incrédula de Celso. Tivemos que soportar cambios de clase sen ter onde sentar. Tivemos que ver, impasíbeis, como dúas heroínas de 1º A ía enriba dun banco mentres era usurpado, demostrando a súa fidelidade e apoio á nosa causa, o BNB (Bloque Nacional Banquista).

Así pasamos varios meses: o duro inverno, o mes de tregua de febreiro, a chuvia de abril e a doce primavera. Chegamos á guerra de trincheiras: ningún bando cede un só banco, mantendo así unha situación de equilibrio provisional.

E este é o resumo do acontecido nestes tormentosos meses. Agardamos que o relato das nosas penurias sirva para mover á xuventude e para que colabore na nosa causa, a máis nobre que xamais se viu na cidade.

Pode que esta sexa unha despedida, pero esperamos que gozaredes da narración do conflito e axudedes aos grupos oprimidos da sociedade.

¡Arriba o BNB!

Alejandro Comesaña Ferreira

1º Bach C

Sara Graña Barreiro

1º Bach A

O FUTURO DA TELEVISIÓN: a televisión holográfica e a televisión 3D

Hai uns anos as pantallas planas de plasma e LCD substituíron aos vellos aparatos con tubos de raios catódicos, revolucionando o mercado; agora, a televisión holográfica e a televisión 3D deberán ser as substitutas destes nun futuro relativamente próximo.

Televisión holográfica

A holografía é unha técnica que permite crear imaxes tridimensionais en movemento mediante un raio láser. Existen diferentes tecnoloxías que permiten proxectar imaxes holográficas que están en fase de investigación dende 1947 e hai numerosas empresas en todo o mundo traballando en sistemas de reprodución de imaxes holográficas de sobremesa.

En 2005 presentouse un produto chamado "CLARO Holoscreen", no que a imaxe se proxectaba sobre un "telón" transparente dun material similar ao celofán parecendo un holograma. O equipo ademais de funcionar como TV ten entradas para DVD, computadoras e consolas como playstation. Segundo indica a páxina web dos seus creadores, a imaxe aparece en pantalla grazas á luz dun proxector que a representa coma un auténtico holograma cando esta chega á tea transparente. O produto vendeuse en edición limitada na loxa de Harrod's



Imaxe 3D simulada

en Londres e custaba ¡30 mil dólares! Sen embargo, aínda será necesario esperar algúns anos máis ata que saia ao mercado unha televisión realmente holográfica.

Televisión 3D

Outras empresas como Sony e Philips están traballando de forma paralela para crear outro tipo de sistemas de presentación de imaxes en 3D. Un dos máis coñecidos é o WOWvx da Philips WOWvx (televisor pantalla plana de 42"HD presentado en 2007 na "Consumer Electronic Show" en Las Vegas, USA), que permite visualizar imaxes 3D no televisor sen a necesidade de gafas especiais.

O sistema baséase en lentes situadas en cada píxel do televisor LCD ou Plasma que xeran nove imaxes con ángulos de visión distintos, o que fai con que, mirando desde calquera parte, a sensación é a de estar nun entorno 3D.

A chegada deses novos sistemas de presentación de imaxes é inminente e representará unha revolución na nosa forma de ver a televisión, a pesar de que teremos que esperar algúns anos ata que os fabricantes decidan por produtos no mercado con prezos máis accesíbeis.

Elías Fernández Domingos
2º Bach. A




RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

Vida

Naceu en Láncara (Lugo) en 1915. No ano 1932, mentres estuda o Bacharelato en Lugo, ingresa no Partido Galeguista, onde empeza a destacar malia a súa timidez. Coñece a Otero Pedrayo e é elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1936.

Loitou na Guerra Civil polo bando nacional. Ao rematar a guerra estudou Filosofía e Letras en Santiago. Desde 1943 participou na reorganización clandestina do Partido Galeguista. Foi detido e permaneceu na cadea ata 1946.

Ao saír do cárcere estableceuse en Santiago, onde defende a loita cultural (o "piñeirismo") fronte a política do galeguismo. Enfrontouse aos galeguistas do exilio (como Castelao) e aos do "interior". Foi decisiva a súa figura para a disolución do Partido Galeguista



"En 1983

foi elixido

primeiro presidente

do Consello

da Cultura Galega"




e en 1950 funda a editorial Galaxia que, en pleno auxe do Franquismo, publica libros en galego e relacionados con Galicia. Dirixiu a editorial ata ano 1966. En 1954 redacta o documento no que denuncia a



represión do uso do galego levada a cabo polo Franquismo, que presentaría na VIII Conferencia Xeral da UNESCO.

En 1966 vai cara os EEUU como mestre invitado da Universidade de Middleburg. En 1967 ingresa na Real Academia Galega. Cando se restableceu a democracia, formou parte do primeiro parlamento autonómico como deputado pola Coruña.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS • 2009



En 1983 foi elixido primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeñou ata o momento da súa morte en 1990 por mor dunha insuficiencia hepática.

En 1993 créase o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, que en 1997 se pasou a chamar Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Obra

Polo que respecta a súa obra, sabemos que non é moi abundante e a meirande parte céntrase na filosofía da saudade. De feito el caracteriza aos galegos pola saudade, o humor e pola paisaxe. A saudade era un sentimento do seu obxecto e sen relación co pensamento ou vontade.



.....

"Loitou

na Guerra Civil

no bando nacional"

.....



Algunhas das súas obras foron *"Filosofía da saudade"* (1984), *"A saudade, ensaios"* (1953) e *"Da esencia da verdade"* (1956), que foi unha tradución do libro orixinal de Heidegger, campo no que foi pioneiro en Galicia.

Actualmente non temos rexistrado ningún milagre seu.

Redacción Trégola
1º Bacharelato

Princesas esquecidas

Un día calquera

Gustaríame poder lembrar ese sorriso, doce, coma cando no aire se pode sentir o camiñar das ondas do mar. Eses sorrisos, xa sabes, deses que só eu podería telos considerado fermosos.

Luns, 17:01

Non lembro as súas derradeiras palabras, creo que nunca serei capaz de lembralas. Un berro dentro do meu paralizado cerebro, sensacións, imaxes, centos de imaxes e soños esquecidos, recordos que se arbullan na mente a vez que o sangue brota e me abandona.

Martes, 06:00

“Onte, ás dez e media da noite, foi atopada unha muller brutalmente acoitelada nas aforas da cidade. Polo momento, descoñécese a identidade do asasino”. Dúas esquecidas frases das páxinas de sucesos, único xuízo e mención a tráxica fin da miña vida.

Pensamentos

A xente pasa a metade da vida preguntándose sobre a morte, esas cousas, xa sabes, a onde imos ou se non imos a ningunha parte.

¿Existo? Non o sei. Non sei quen son, nin sequera lembro o meu nome. A maioría das veces todo está negro para min, ata que, de maneira inesperada e inexplicable, saio do eterno aburrimiento da morte e convértome nun pensamento que se resiste a ser esquecido, que busca



desesperadamente vinganza pola causa da súa existencia. Non podo facer moito máis, dictar palabras ao subconsciente dunha mente calquera e agardar, a que sexan escritas ou a ver se hai alguén que queira escoitalas.

Só que ás veces soño, non sei como, soño sen pechar os ollos, e véxome neses fugaces días anteriores a miña morte. Soño que me levanto e esperto, saio da casa e compro unha pistola. Se tes ganas, imaxina para que.

O tempo nunca perdoa

Na memoria de todas aquelas vítimas esquecidas da violencia machista.

Anadya Álvarez Alonso
2º Bach. E.



Marcha Mundial das mulleres sae á rúa co obxectivo de “sementar un futuro sen violencia machista”.

Despedida da Promoción 2003 - 2009

Unha vez máis, os alumnos de segundo de bacharelato, chegamos ao noso último ano, e tocan xa as

despedidas. Abandonamos o noso prezado instituto que tantas penas e alegrías nos deu.



2º Bacharelato -A- Diúrno





2º Bacharelato -B- Diúrno





2º Bacharelato -C- Diúrno



SÁCALLE AS
SEMELLANZAS
SÁCALLE AS
SEMELLANZAS





Despedida da Promoción 2003 - 2009

Deixamos atrás unha etapa da nosa vida para volver empezar de cero. Grazas por axudarnos a medrar e

facernos mellores persoas. Marchamos pero o espírito do Santa Irene sempre quedara con nós.



2º Bacharelato -D- Diúrno



2º Bacharelato -E- Diúrno



Bacharelato Adultos - Nocturno

NON HAI PASADO...
NON HAI FUTURO...
O VINDEIRO XA PASOU...
O PASADO NON VIRA...

¿Que podo facer?
Xa non sei onde estou

¿Isto é un soño?

SÓ HAI ETERNIDADE...

Lara...
Lara...
Lara...

Uh!...
¿Onde...
estou?

Doe...
todo doe...


Tranquila, atopeite
preto do lago,
tirada na herba.

¿Co...mo?
Pero... se eu... non...
non sei...

Non te preocupes.
Haberá algo que se
poida facer.

Mentres tanto
tranquilízate.
¿Podes se acaso
lembrar o teu nome?





En fin, vai durmir.
Sí...
Boas noites.

Lara...
Lara...
Agrega... a onde pertences
Ha non aquant arás
maís...
Aqótase o tempo...
Lara...



Bos días
preguizeira,
¡Arriba!
Auga...
moita auga.



Jajajaja, ¿xa estamos
de novo?
Auga...
¿queres
bañarte?
Sígueme, anda.




Mira, este é o cuarto
de baño, podes usalo.
Só tes que abrir a
billa da auga quente.



Lara...
Lara...

O tempo pasa...
O pasado non volta...



Ha tes que regresar...

¡Ei!
¿Oesme?
¿Atópaste ben?
¡EIIIIIIII!
Si...
¿Estas ben?
Si...



Si...
Sae xa,
que vas
engurrar.



¡Que!, ¿xa
estás mellor?
Si...



¿Quieres ir dar
unha volta?
Si...
¿A onde?
Onde sempre
...



¿Como?
¿A onde te refires?

Aquí...

Ah, ...
Nese lugar é onde te atopei,
¿queres ir alí?

Si...



¿Sabes?
Hai tempo que non
viña por aquí
con ninguén
Cando era pequeno
si que viña a miúdo.
Xogaba no bosque,
no lago, ...



Non veño dende que ela... afogara...

¿Ela?

Si. Yara, a miña mellor amiga cando eramos cativos.
É a da foto de antes.

Jajajajaj



¿De que te ris?

Isto non é gracioso.

¿A onde vas!?

¿Non o lembrás?

¡ Á auga!



Xa é hora

Teño que voltar a onde pertenzo...



¡Non!, non quero perderte... outra vez, ¿Yara?

¡Yara!, non me deixes.

¡Yara!

¡NON!



Sintoa, só quería verte... unha vez máis.

Lembrate de min sempre, porque un final sempre pode ser... un comezo.

Miriam Benítez Coello
2º Bach. E.





*Primeiro premio de narrativa categoria B
(4º ESO e Bacharelato) do certame literario*

Letras Galegas 2009 – Santa Irene

• A Rosa •

Esta é a historia... Dun pensamento. Da carátula dun CD sen estrear... Dun individuo perdido en ningures, na procura de si mesmo.

Na procura daquel mundo cheo de fermosos segredos soterrados na pofundidade dos bosques, ... (a deus grazas que Hernán Cortés estea criando malvas).

Ás veces non valoramos as pequenas cousas, o home pensa en grande. Dunha man, cóllese un brazo. Eu non son una excepción.

Que cousiñas ten a vida... a veces non sabes se vale a pena prestar atención ó que acontece. Menos mal que todo flúe...

O mundo só está feito para algúns... Maioritariamente para os imbéciles. Imbecilidade inxénua...

Camiñan pola rúa coma se fosen un elemento máis do mobiliario urbano. Elitismo, adoradores da rutina... Todo cor de rosa... raña un pouco, e verás o negro.

Vanitas vanitatis... A vida é agridoce, como a salsa dos roliños de primavera. Ten unha cor bonita, pero sabe a *xarabe* de pao.

O tempo segue en movemento... Os meus xa marcharon. Eu sigo en movemento, na procura da saída. Sigo empurrando forte o soño, sigo intentando facer o correcto a través doutro día solitario.

É alí. Alí onde brilla a luz do serán, vapor laranja... Que pequeniños somos, que grandes descoñecedores, *ignorantes* seres borrachos de poder.

Alí onde hai vida, A Terra, nosa Nai, quen pariu o pó que somos, maltratada pola súa propia semente; somos malos a rabiarnos... Maltratamos ata o que é noso, por no dicir entre nós.

Baixa, Deus, e dime cal é o teu reino. Érgueme se caio... Ensíname se erro, enténdeme se dubido, pois para iso dotásceme de intelixencia, para dubidar de todo... Incluso ata do que descoñezo. Deléitanos coa túa presenza.

Alí hai algo que chama por min, eu sei, é como as meigas, habelas hainas.

Onde brille a luz entre os arumes, nuns campos que semellan ós da costa dalgún lugar virxe... Alí onde o vapor do verán pasee polas rúas dalgunha cidade enterrada no pasado. Farolas, calzadas de pedra. Onde o marmullo da xente que pasa, entre pola xanela nunha desas noites, nas que xa poderías calcular de memoria o radio e a lonxitude do teito do teu cuarto.

A literatura é frívola, a sétima arte, cruel. A pintura, pícara filla de puta. Mostran a nosa realidade idílica, o que desexamos na maioría das veces. O mundo vólvese tolo. Só nos están a facer un gran corte de manga.

Agridoce. Esa é a verba para describir todo o que acontece nunha mente inqueda. O amor, como a fame... dolorosa necesidade. Como aquel que non querera ninguén, que parece incapaz de ofrecerse... cun cristal cravado no peito, alma temerosiña de morrer... que nunca aprendeu a vivir.

Como A Rosa, viaxe que nunca poderei levar...

Pero nin chorando remediarei nada... nin nada empeorarei dándome a praceres e festexos.

Os camiños son longos, a min quedame aínda por camiñar. Pero como dixó Proust, a verdadeira viaxe de descubrimento non consiste en percorrer novos camiños, senón en ter novos ollos.

Brindemos pola cándida adolescencia.

VENUS

Marta Paredes Torres 1º Bach E





Primeiro Premio de narrativa categoría A (ESO) do certame literario

Letras Galegas 2009 – Santa Irene

● Chámome Xoana ●

Chámome Xoana, teño once anos e todos din que penso sempre en cousas absurdas e sen sentido, pero eu creo que non son así, o que pasa é que eles non se preocupan polo noso pasado. Por exemplo unha das cousas nas que soo reflexionar, é que pasaría se todos os grandes defensores da nosa lingua, como por exemplo, Rosalía de Castro ou Ramón Piñeiro non tiveran o valor suficiente como para pelexar por ela, polos nosos dereitos.

Eu creo que o galego xa non existiría. Teño falado deste tema coa miña tía Berta, ela di que aínda poderíamos gozar deste idioma tan doce e bonito, aínda que tamén comenta, que por desgraza, se esta xentiña non existira ou non loitaran estaríamos como na época do franquismo.

Miña nai mais eu sempre discutimos sobre temas deste tipo. Aínda o outro día estivemos a falar sobre o noso actual presidente, eu opino que unha persoa de tan alto cargo debería alomenos saber falar correctamente o seu idioma e defendelo con orgullo, mais miña nai é coma se tanto lle dera.

Non o dou entendido, eu tan só son unha cativa é xa teño uns ideais, e algunha xente adulta do meu entorno non lle importa nada, é coma se vivesen a vida por vivila, e non é así, hai que aproveitar cada segundo, disfrutalo, e intentar sacar todo o proveito del. Sei que non sei moito da vida, e que non levei moitas labazadas, pero ben sei de xente maior e sabía que a ilusión é o último que se perde, e se deixas de tela, entón estás perdido.

Volviendo ao tema do que estábamos a falar. Odio esa xente que non se preocupa polo que acontece ao seu redor e que nin sequera vai botar o día das eleccións simplemente porque está mellor na casa, ou se vai sol, nas praias das nosas preciosas rías.

Os meus profesores mais a maioría da miña familia din que toleo e que non é normal que alguén da miña idade pense como alguén de vinte.

Eu, coma calquera rapaza da miña idade, gustaríame ser maior, pero non para ser unha princesiña e estar casada cun cabaleiro que teña un corcel branco, como din elas. Iso xa sei que non existe. Eu quero medrar para poder dicirlle ao mundo as cousas que penso, e defendelas, sin que ninguén se ría e diga: “mira esa nena que tonterías di”. Pois para min as cousas que pensa unha persoa, os seus ideais, maila que non sexan iguais cós meus, respéctos e escóitoos, así tamén

podoo aprender doutras culturas, opinións, incluso de relixións.

Os meus compañeiros do colexio non me dan aceptado, algúns din quen son rara, outros que desvarío e que non son normal, pero, nesta vida que se considera normal?

Pero é que eu, a fin de contas, non deixo de ser unha nena de once anos a que lle gustan os debuxos animados coma Doraemon ou as Super Nenas, o que pasa é que simplemente me gusta barrenar sobre certos temas, cada persoa ten un “hobby”, como xogar o fútbol, compondor música ou ir de compras.

Sei que o que diga a xente sobre min non me debería importar, pero cando non te acepta, doe e é duro, pero eu non podoo cambiar a miña forma de ser, eu son así, supoño que algún día encontrarei unha persoa coa que encaixarei pero ata entón terei que aguantarme. Non sei o tempo que poderei aguantar con esta angustia de non ter amigos, non ter a ninguén a quen poderlle contar as miñas cousas...

A persoa coa que máis podoo conversar é co meu avó. O outro día comenteille isto último ao que el respondeu que eu sempre dicía que o que quería era loitar, loitar polos nosos dereitos, pero só era unha cativa, pero iso que agora eu lle contaba era algo de nenos, e ás veces de non tan nenos, pero que ao final viña sendo o mesmo que eu sempre quixen, así que el non sabía por qué estaba tan mal. “Iso só era unha proba para o meu futuro. Se es capaz de conseguir encaixar entre os teus compañeiros poderás de maior conseguir grandes cousas” díxome textualmente. Iso fíxome decatar que agora esa era a miña meta, xa que o traballo dunha rapaza é só divertirse aprendendo o máximo, pero sempre sendo felices.

Pouco a pouco, funme metendo nas súas conversacións e funlles demostrando que eu era unha nena con sentimentos e que tamén tiña monecas coas que xogaba cando me aborrecía, e eles ao final aceptáronme tal e como son.

Así que se prepare o futuro, porque dentro duns anos vou loitar polos meus dereitos, polos dereitos dunha terra, dunha lingua.

“A risa é o segredo”
Uxía Alonso Cameselle
3º ESO A

Un sopro de vida

Serían preto das tres da madrugada cando sentín unha forte dor no peito. Recordo que non foi unha dor corrente, senón máis ben unha sensación de angustiada quentura, coma se unha inxente cantidade de líquido fervendo se tivera introducido nos meus pulmóns e loitara por saír. Cada vez a dor se facía máis e mais insoportable, sentía que me ía explodir o peito e funme sumindo nun estado de agónica inmovilidade, ata que ao final, caín de novo no profundo solpor do sono.

Esa mañá espertei co alborexar do día, chea de vida e máis leda do que estivera nunca. Corrí as cortiñas do cuarto e abrí a ventá. Recordo que chovía. Brillaba o sol pero chovía, diso lémbrome coma se fora onte. Baixei descalza as escaleiras de dúas en dúas para ir ver o arco da vella desde o xardín. Cando cheguei á cociña, parei na miña carreira e achegueime á mesa que había xunto a ventá. Alí descansaba o xerro de auga no que uns días antes puxera a rosa que me trouxera Antón. Agora a flor estaba totalmente murcha, coma o noso amor, fermoso e efémero.

A verdade é que non me sorprendera, todo o que empeza ten que ter un final e xa se sabe... as cousas máis fermosas soen ser as menos duradeiras. Lembro que o día anterior viñera miña avoa pola mañanciña e nun dos momentos de senilidade que tiña a pobre muller (ou quen sabe se de lucidez), quedou mirando a rosa de Antón, xa murcha, e logo dixo mirando para min "Xa sabes, Sandriña, o bo se breve dúas veces bo". Non

souben nunca se se referira á flor ou ao meu con Antón, pero nese momento sentín un súbito sentimento de rebeldía contra o inxusto desas verbas. Non entendía por que a beleza tiña que levar sempre implícita a morte. Negueime a aceptalo. Pode que fora iso o que provocou a dor esa noite, quen sabe, pero o importante é que esa mañá non cheguei a ver o arco da vella.

Coa rosa nas miñas mans, mentres pensaba en Antón e no que dixera a avoa, observando as pequenas nubes que xa se desprenderan de toda a súa choiva, escapoume un lixeiro suspiro e o que aconteceu entón cambiou a miña vida na mellor das formas posibles. Diante dos meus incrédulos ollos a flor morta comezou a endereitarse e recuperou a súa cor. Como non daba crédito ao que acababa de ocorrer, saín ao xardín, notando a herba aínda mollada entre os meus pés, e achegueime xunto as primulas e petunias que plantara meses antes, e que xa empezaban a se murchar. Mentres sopraba sobre as enfermizas flores, fun vendo como os seus pétalos recuperaban a vitalidade dos primeiros días de primavera e sen poder evitalo escapáronme unhas cantas bágoas de felicidade. Certo é que esa mañá non puider ver as fermosas cores do arco da vella, pero dende entón gocei dun colorido xardín durante toda a vida.

Sara Collazo Álvarez
2º Bach. E



Xuventude, divino tesouro

O paro viste de incertidume os nosos días. Xa son máis de tres millóns e medio os parados en España, e en Galiza aumentou nun ano aproximadamente o 50%. Esta cifra está a aumentar a pasos axigantados perxudicando moitas familias que se ven sumidas en grandes dificultades para chegar a fin de mes. Non é nada novo; todos ós días en xornais e telexornais podemos ver reflectida a penosa situación actual. As consecuencias da crise económica envolven a toda a sociedade perxudicando aos traballadores e facendo mella especialmente nos xoves.

Si, os xoves. Aqueles silenciosos e conformistas que polo que parece ser formamos parte da sociedade. Aqueles que vemos coma independizarse é xa unha utopía, ao igual que o aficionado taurino ve os touros dende a barreira.

Dítese que somos a xeración mimada, a xeración dos video-xogos e novas tecnoloxías, que antano non había nada e agora témolo todo. O que antes non se alimentou sobrealiméntase, e as dúbidas teñen sinxela solución con só apretar un botón.

Pero parece que un se esquece de que mercar un piso a día de hoxe vale 10 veces máis que hai poucos anos, que os salarios perderon poder adquisitivo, ou que ter tres masters non te libra da precariedade.

Atreveríame a dicir que se nos culpa por nacer cun pan debaixo do brazo, que por certo está a 0,90 cts. Euro a barra. Sae caro.

É verdade que somos uns privilexiados por non ter que vivir unha ditadura e por ter unha sinxela vida. Aínda así hai moitas cousas por facer e moito que mellorar.

É a nosa culpa non acalar as críticas cos nosos actos.



A situación de crise suscita unha indiferenza abraiante, coma se non fose connosco ou non fose o noso traballo o que está en perigo. O primeiro de maio algúns organizaron un día de vacacións, un día de festa máis no calendario. O simbólico está máis que despedazado. Cun 7,73 % de paro coído que máis que ir de festa é hora de saír á rúa e dicir:

– Eh! estamos aquí e impórtanos o que pasa ao noso arredor!

Inhibirse da realidade é darlle ás costas ao noso presente, a un presente negro, amarrado a día de hoxe polo diñeiro de papá.

O mesmo ocorre respecto aos novos plans de estudos que entrarán en vigor en setembro do 2009. Son os chamados Plans Boloña, que afectarán a tódolos estudantes, en especial aos fillos de familia obreiras ao se privatizar a universidade. Hoxe hai alumnos que aínda non saben o cambio que darán os seus estudos o devandito ano.

É certo que de aquí a 50 anos cambiaron moito os motivos de manifestación. As liberdades e dereitos son hoxe unha realidade, pero esa non é a razón para deixar de erguerse e facerse oír.

Autonomía é decidir por nós mesmos. Pero estamos desposuídos de todo poder, dende hai tempo. Non é algo da crise, é algo inherente á desafección política.

E eu preguntome: onde está a xuventude emprendedora e inconformista, aquela que quere mellorar o futuro?

A indiferenza xuvenil paréceme preocupante nun mundo que está en constante movemento.

Durmímonos.

Sara Pérez Veloso
2º Bach D

*Primeiro premio de poesía categoría B
do certame literario*

Letras Galegas 2009 – Santa Irene

Naquel soño das estrelas

Naquel soño das estrelas
non había dor, non había penas
Soamente música para bailar con elas.

Co ruído das pistolas, co estalido
Durmía eu, case espido
Soñaba coas ráiñas do ceo infindo.

O sangue dos ríos e logo...
As bailarinas azuis de Degas,
O ceo cheo delas, o ceo cos ollos pechados
O ceo chorando bágoas polos desesperados.

E na trincheira da soidade
Cravo a miña alma, cavo a súa tumba,
E cheira a terra e descomposición.
Chega a barca e os meus ollos son moedas.

Érgome co ferro nas costas
E a néboa no fronte...
E non vexo nada! Nada!
Somentes os muíños de catro aspas.

A franxa negra dos rostros
Divide as facianas en dous
E nesa escura fracción
dividiuse o meu corazón

“POETIA”

Saray Temes Cuevas

2º Bach. E

A vermella lingua

A vermella lingua
Lambe a escura noite,
Berra sen descanso na chuvia,
Corre tralos faros dos coches
E mostra as súas largas pernas.

Estou soa! Estou libre!
E ensina os seus encantos
E fala coas amigas
Co seu acento estrano,
Coa súa pel de cumbo,
O seu sono estragado.

No país das oportunidades
Nin traballo, papeis de cores
Soamente as duras rúas e brandas camas.

A fusión das ánimas é un negocio
O fluído dos corpos quentes
Á busca da procreación sen a busca mesma
Xa que non hai plantas sen sementes.

As espadas dos seus pés
Feren o asfalto, e de contado
As bágoas como unha ferverza de sangue
Buscan os beizos nos semáforos.

Non biques, nen corras
Non fales e non me esquezas.
Aínda que baleiro o meu peto (e o meu sexo)
Quedou cheo o corazón.

Dígoche:
“Estas mans cheiran a ti”.

“POETIA”

Saray Temes Cuevas 2º Bach. E

*Primeiro premio de poesía categoría A
do certame literario
Letras Galegas 2009 – Santa Irene*

Poderá ser

Ela é vida,
coma unha nena cativa
que bota a andar
e todo o mundo se vira,
para ver como medra
para ver como respira
con cada son,
a cada minuto do día
e se te sentes só
coas notas te agarima,
ela non te xulga
e aínda menos te critica
non discrimina nin por razas,
nin por, nin por ser rapariga.

Ten moitas disciplinas
e moitas ganas de escribila
cando a escoitas
e sentes que estouparías
con cada cambio de ritmo
a cada golpe dun prático.

“O QUE LE MOITO...”

Estefanía Pereira Pintos

3º ESO C

A nosa excursión

Como ben di o refrán: Quen non foi a Lisboa non viu cousa boa. E isto podémolo corroborar os alumnos de cuarto da ESO que este curso estive-
mos visitando a cidade.

De seguro que cando collemos as maletas para dirixirnos ao autobús, non pensabamos que esa viaxe fose ser tan maravilhosa. Pasamos unha mañá enteira no bus cantando, vendo películas e unha parada no pobo de Óbidos que nos trasladaría á máis esplendorosa época de reis e rañas. Temos que dicir que a primeira impresión non foi demasiado boa: non era un hotel céntrico precisamente, estaba nunha autoestrada e rodeado de obras. Mais as primeiras impresións non son definitivas.

Fixemos a aquel hotel partícipe da troula que había polas noites de habitación en habitación xogando ás cartas, cantando, saltando e berrando, que por suposto, “remataba” en canto os profesores viñan a mandarnos cada un a noso cuarto.

.....

Quen non foi

a Lisboa

non viu cousa boa

.....

Misteriosamente ás mañás seguintes aparecíamos con olleiras e case somnábulo á hora do almorzo. Ás dez emprendiamos a nosa viaxe dunha hora de duración, que se repetiría ao longo dos días, ata Lisboa.

Nada máis chegar ao noso destino quedámonos impresionados pola fermosura da cidade e das súas rúas, que superaba con creces as nosas expectativas. Alí e





Barrio de Alfama. Lisboa.

durante os sucesivos días tivemos longas xornadas de cultura e entretimento. Nas que puidemos visitar o mosteiro dos Xerónimos (un dos monumentos máis significativos de Lisboa de estilo manuelino), o xardín botánico (unha das maiores decepcións da viaxe, aínda que puidemos ver plantas carnívoras que nos encantaron a todos), o acuario, o Museo de Arte Antiga, o museo Gulbenkian, o palacio de Ajuda ... Todo isto mesturado con tempo de lecer e longos traxectos de bus.

Temos que dar as grazas a un dos profesores que nos acompañaban a Lisboa, que sen escoitar as indicacións

.....

***Unha viaxe chea de diversión,
risas, fotos e reflexións,
moitas reflexións.***

.....

que nos daban a todas horas de que tivésemos conta das mochilas e bolsos, perdeu o seu cargamento e pasamos unha tarde máis paseando polo barrio do Rossio mentres eles buscaban a mochila por media cidade.

E con isto chegamos ao noso último día de viaxe: volver facer as maletas de novo, cansados e con moito sono acumulado polas intensas noites, para facer unha longa viaxe de seis horas, con parada en Coimbra, que nos levaría ata o noso lugar de partida.

Sáímos de Lisboa recordando os pasteis de nata, as pombas que se nos metían por debaixo da mesa, as rúas cheas de xente, os paseos pola avenida da Liberdade, a primeira comida sentados no medio dunha praza cun bocata na man, a segunda comendo pizza xunto á ponte 25 de abril que cruza o río Teixo, e incluso a última na que a habitación 224 e amigos quedaron sen comer...

Unha viaxe chea de diversión, risas, fotos e reflexións, moitas reflexións.

*Redacción Trégola
4º ESO -A*




Avenida da Liberdade Lisboa.

A loita polos dereitos dos homosexuais: “O meu nome é Harvey Milk”

Unha das mellores películas que teño visto ultimamente é “O meu Nome é Harvey Milk”, un filme sobre a primeira persoa abertamente homosexual que chegou a acadar un cargo público (concelleiro de San Francisco) nos EEUU. Na cinta vemos os últimos 8 anos da vida deste home homosexual que nun principio agachou a súa condición sexual pero que máis adiante declarouna abertamente. Así decide comezar unha campaña política para ser concelleiro de San Francisco. Para iso ten que pasar moitas cousas: a súa parella déixao, ten que facer un cambio de imaxe (vai máis serio, con traxe e ben peiteado) e non renderse ante as continuas derrotas. Un filme de Gus Van Sant que reflicte a importancia da loita polos dereitos sociais en xeral e polos dereitos homosexuais en particular.

É moi salientable a interpretación de Harvey Milk levada a cabo por Sean Penn, ao que non soamente se parece fisicamente senón que tamén interpreta moi ben o seu espírito e o significado da súa loita. Por isto non é estraño que este actor californiano gañase o Óscar ao mellor actor principal por esta película no ano 2008 (tamén ten o Óscar ao mellor actor do ano 2003 pola película Mystic River). Outros actores do filme son: Diego Luna (E a túa nai tamén), Josh Brolin (Os Goonies, American Gangster), Víctor Garbero ou James Franco (Spiderman 1,2,3).



“Reflicte a importancia da loita

polos dereitos sociais”



Non quero esquecer ao guionista, Dustin Lance Black, que realizou unha fiel adaptación á vida de Harvey Milk o que lle valeu o Óscar ao mellor guiión orixinal no ano 2008.

Para rematar quero recomendarvos que a vexades porque é unha película moi ben feita, que reproduce fielmente a complicada situación da década americana dos 70 e que fai reflexionar sobre a dificultade que teñen algúns grupos sociais para vérense identificados coa vida política.

Saray Temes Cuevas
2º Bach. E



WOODSTOCK = 40 anos de música

Os días quince, dezaseis e dezasete de 1969 en Bethel, unha pequena localidade rural de Nova York, tivo lugar o maior festival de rock de toda a historia.

Congregou a un millón de espectadores e marca un antes e un despois na historia do rock. A súa importancia no ámbito estritamente musical é incalculable, pero o que realmente o fai tan importante cultural e socialmente foi que se converteu no icono dunha xeración de norteamericanos cansada das guerras e que pregoaba a paz e o amor como forma de vida e mostraba o seu rexeite ao sistema.

Todos estes valores que acabo de mencionar ademais do ecoloxismo, a vida en comunas, o amor pola música e a experimentación coas drogas e co sexo eran os ideais dun movemento social moi importante nos tres últimos anos da década dos sesenta; o movemento *hippie*. Polo cal, podemos nomear ao festival de Woodstock como un festival *hippie*, porque o público que alí se congregou perseguía estes ideais.

Pero continuemos falando do festival en si.

Foron tres días de música practicamente ininterrompida, e con actuacións de artistas tan importantes coma Joan Baez, Santana (que efectuaba o seu debut a escala mundial), Janis Joplin, The Who, Joe Cocker (coa súa versión de *With a little help from my friends*, para min o momento máis increíble do festival), The Band, Jimi Hendrix e un longo etcétera. Todos eles nos deron unha mostra de como protestar contra o sistema dunha forma pacífica a través do rock, sen ningún tipo de violencia.



.....
É que o festival de Woodstock

é o reflexo

dunha época gloriosa

.....

Poderían destacarse moitos intres deste increíble festival, pero quizais o máis representativo é o momento en que Jimi Hendrix, guitarra en man, toca o himno estadounidense en eléctrico, demostrando así que porque estiveran en contra da política militar do seu país, eles seguían sentíndose estadounidenses.

E é que o festival de Woodstock é o reflexo dunha época gloriosa.

Carlos Gil Fandiño

4º ESO C

¿A mellor liga do mundo?


¿Cantas veces escoitamos esa frasiña que acompaña en moitas ocasións ao nome da nosa liga de fútbol profesional? Seguramente moitas, pero ¿Parámonos algunha vez a pensar se é certa esta frase que se proclama non só como slogan publicitario da propia liga, senón tamén en diarios deportivos, na televisión e na radio? Seguramente non, pero sería interesante realizar unha pequena análise sobre este tema.

Na miña opinión, a Liga BBVA dista moito de ser a mellor do mundo, non é cuestión de menosprezar nin moito menos, pero se facemos unha valoración de todos os aspectos da nosa liga de fútbol, vemos que non sae tan ben parada como pensamos.

Se nos centramos no aspecto deportivo, salta á vista que a nosa liga non está equilibrada. Historicamente, o título repártese entre os dous “grandes”: o F.C. Barcelona e o Real Madrid. Actualmente, aínda que houbo máis equipos que melloraron, na maioría das veces segue a ser así. A competición non é igualada nos postos de arriba, o exemplo máis claro podería ser a liga deste ano, onde o segundo clasificado sácalle case 20 puntos ao terceiro. A competición real atópase nos postos de abaixo, onde hai varios equipos igualados na loita polo mantemento da categoría. O problema é que para que unha liga sexa competitiva, non deberían dominar só dous equipos, que “casualmente” son os de maior presuposto.

Outro tema é a calidade da arbitrase, unha arbitrase que quedou ancorada no tempo, introducindo moi lentamente as reformas que aportan as novas tecnoloxías, e baseando unicamente as súas decisións no ollo humano, algo que leva á polémica xornada tras xornada.

A liga non engloba simplemente ao fútbol, senón que toca moitos máis ámbitos, como por exemplo a educación e o respecto. Dentro do terreo de xogo, cada fin de



semana vemos xogadores que golpean violentamente a outros sen razón algunha, outros que finxen golpes do rival, pelexas entre varios xogadores... Non é que isto pase só en España, pero si é certo que nas demais ligas europeas existen sancións exemplares para as condutas antideportivas e outra maneira de comportarse nos xogadores (na liga inglesa, por exemplo, é moi raro ver calquera xogador “facendo teatro”).

Fóra do terreo de xogo, a situación non é moito mellor, sucesos tan lamentables e perigosos como enfrontamentos de grupos de afeccionados coa policía ou con outros afeccionados, lanzamentos de obxectos aos xogadores e árbitros ou bengalas que xa causaron algunha morte, son demasiado frecuentes. En resumo, na grada tamén se esquece con moita frecuencia que o fútbol é un deporte, non unha guerra na que todo vale.

Fóra do fútbol en si mesmo tamén existe unha “guerra” entre cadeas de televisión polos dereitos de emisión dos partidos, onde os acordos se rompen cando a cada cadea lle apetece e as demandas e os xuízos sucédense sen ter en conta que o maior prexudicado e o afeccionado, que nada ten que ver con esa loita case infantil.

“A mellor liga do mundo” non pasa de ser un slogan publicitario, a nosa liga presenta deficiencias que non deberían darse no deporte profesional. Os bonitos goles e xogadas non deben facer esquecer as desigualdades e fallos do sistema, que non fan outra cousa que encher de polémica o deporte.

Alejandro Salse Batán
2º Bach. C

.....
“A mellor liga do mundo”

non pasa de ser

un slogan publicitario”
.....

Paolo Cesare Maldini e Pavel Nedvêd

Ambos xogadores da Serie A retíranse do fútbol. Maldini naceu no ano 1968 en Milán (Italia), fillo dun ex-xogador e logo entrenador do Milán que estivo sempre no Milán igual que o seu fillo. Debutou aos 16 anos e xogou sempre como lateral esquerdo e ás veces como central. É un defensa de xogo limpo, nunca lle amosaron un cartón vermello directo e só foi expulsado dúas veces por dobre cartón amarelo. As súas marcaxes defensivas a Ronaldo, Ronaldinho, Figo ou Ibrahimovic fano considerar un dos mellores defensas. Leva 24 tempadas no Milán onde se converteu no xogador que máis partidos xogou na Serie A, marcou 30 goles, gañou 7 Series A, 5 supercopas de Italia, 1 copa italiana, 5 ligas de campións, 5 supercopas de Europa e 2 copas intercontinentais. Un **gol anotou en 51s** e o seu dorsal nº 3 seralles entregado aos seus fillos, se xogan no Milán. Na selección italiana, debutou no 1988 e xogou 126 partidos (74 como capitán) o último no Mundial Corea-Xapón no 2002.



Nedvêd naceu no ano 1972 en Cheb (República Checa) e xoga no centro. Estivo en distintos equipos Dukla Praga e Sparta Praga en República Checa e Lazio e Juventus en Italia. Gañou 1 liga de Checoslovaquia, 1 liga da República Checa, 2 Gambrinus liga co Sparta Praga, 2 copas de Italia, 1 Serie A , 2 supercopas de Italia, 1 supercopa de Europa e 1 recopa de Europa no Lazio. Coa Juventus gañou 3 Series A, 2 supercopas de Europa e 1 Serie B. Debutou coa selección no 1996 e retirouse no 2006 xogando 2 Eurocopas e 1 Mundial. Marcou 18 goles, foi nomeado mellor xogador checo en reiteradas ocasións, chegou á final da Liga de campións e gañou no 2003 o Balón de Ouro. Non se foi da Juventus cando a baixaron a Serie B, polo Monggi-Gate en Italia, e permaneceu con Buffón e Del Piero.

Eliás Centeno Fernández
2º Bach.A

0 ano dos pequenos

Chega un novo ano, e coma sempre, unha nova tempada de formula 1 nos agarda. Unha tempada con cambios no regulamento que inflúen moito sobre a competición.

Un dos cambios máis apreciados, e que volveremos ver nos monoprazas os clásicos reumáticos slicks, os lisos, que outorgan unha maior adherencia ao asfalto xa que non teñen debuxo. Ao mesmo tempo, para compensar este cambio na regulamentación, eliminaron carga aerodinámica, para evitar que a velocidade e polo tanto o risco aumentase demasiado, e ao mesmo tempo reducir custes.

Outro dos cambios máis sonados deste ano é a introdución do sistema KERS, adoptado por algún equipos (Renault entre eles). Este sistema permite, ao pulsar un botón, que o coche en cuestión adquira temporalmente uns 80 cabalos máis de potencia, o que resulta moi útil nos adiantamentos e sobre todo na saída. No obstante, salvo nestas circunstancias, hai quen pensa que o KERS máis que unha vantaxe son un inconveniente, xa que o



peso extra fai que en determinados circuítos se perda moito tempo con respecto a quen non os ten.

Pero a maior polémica protagonízouna a propia FIA ao intentar cambiar a dúas semanas do comezo do campionato o sistema de puntuación, quitar os puntos e impoñer un sistema de medallas que faría que o campión do mundo fose o que máis carreiras gañase. O obxectivo



.....
Aos alonsistas espéralles

outro ano difícil,

aínda que esperamos

que non tanto

coma o ano pasado
.....

deste sistema é facer as carreiras máis espectaculares e evitar que os pilotos fagan contas e non loiten pola victoria se non lles convén. Pero eu pregunto, finais de infarto coma os do ano pasado ou os do anterior serían posibles sen os puntos? máis ben non. Incluso poderíamos ter un campión a metade da tempada, e iso quitaría todo o interese a fórmula 1. Ao intentar impoñer isto con tan pouco tempo, a FIA atopouse co seu propio regulamento, e tivo que aprazalo ata o ano que ven.

No plano deportivo. A desaparición do equipo Honda fixo que este fose substituído por Brawn GP, co gran Ross Brawn a cabeza, e están a ser a grande sorpresa da tempada. Durante todos os grandes premios están a ser coma un martelo sobre os demais, e o inglés Jenson Button gañou catro das cinco carreiras disputadas, e é líder do mundial con 41 puntos, seguido do seu compañeiro Barrichello. Os únicos que nas carreiras conseguen



manter o ritmo, son os Toyota e o Red Bull de Sebastian Vettel, o único aparte de Button que conseguiu gañar unha carreira. Tras eles, a xa varios escalóns por debaixo, Renault. E preguntarédesvos, onde están os grandes? Pois o mellor resultado de McLaren foi un quinto posto de Hamilton nunha carreira, e o mellor de Ferrari foi o sexto posto de Massa en Montmeló, na última carreira. Unha carreira que o brasileiro encarrilara ben cun cuarto posto, pero tivo que reducir a súa marcha tras un novo fracso da escudaría, que na última entrada a boxes non lle cargaron combustible suficiente no coche, e non puido manter o seu ritmo ata o final. Grazas a iso Alonso conseguiu o seu mellor resultado, o quinto posto, tras saír dende a oitava posición. Oitava, e iso sendo o máis descargado na clasificación. E é que o R29 non dá para máis, polo menos de momento. Aos alonsistas espéralles outro ano difícil, aínda que esperamos que non tanto coma o ano pasado. Pero o campionato, parece que ten a color branca de Brawn GP, unha escudaría que incluso non ten sponsors. Mais este é para Alonso un ano de trámite, xa que para todos está máis que cantado que é moi posible que as filas do próximo Ferrari estean integradas por Alonso e Vettel. Este ano, só queda para aqueles fans de Alonso paciencia, esperanza para as melloras, e felicitar a aquelas escudarías que souberon facer mellor que ninguén o traballo de pretemporada.

Jose Borja Aguiar Saco
2º Bach E



Pasatempos

Tes que atopar os nomes da dereita na sopa de letras

A	E	L	R	X	U	T	N	H	G	G	O	X	P	I	B	F
D	X	A	I	Q	A	R	O	C	E	N	L	E	H	U	U	L
T	H	R	S	F	Ñ	C	R	F	D	G	A	T	O	U	Z	A
A	C	M	B	AN	Ñ	S	O	U	S	A	G	E	D	U	E	E
L	B	A	H	Q	I	P	U	O	S	N	C	A	L	O	I	D
F	M	N	P	N	B	O	F	Z	T	G	T	A	F	N	G	C
V	G	D	D	Q	T	M	E	B	C	E	M	R	V	I	E	I
F	A	O	O	L	M	T	R	N	I	L	N	C	H	D	Ñ	X
X	N	N	Ñ	E	I	R	O	A	T	E	G	S	T	R	U	X
H	I	I	O	E	A	O	U	X	M	O	N	C	H	A	Z	B
P	T	M	I	Z	P	N	Q	D	B	L	Ñ	P	D	N	V	X
I	S	V	Z	B	L	C	X	R	Z	O	A	Q	G	R	R	X
A	U	N	P	X	Z	O	E	Q	C	N	O	A	M	E	H	U
U	G	N	L	U	I	S	E	S	X	A	I	R	S	B	U	E
S	A	Ñ	R	X	S	O	U	S	X	M	A	R	I	P	R	B

MANOLO
SINDO
SOUSA
VIEITEZ
LUÍS
ANGEL
BERNARDINO
MONCHA
ARMANDO
TRANCOSO
TOUZA
AGUSTINA

Partindo das pistas e dos datos tes que completar o cadro:

- CURSO: 2º A- Bach., 2º E- Bach., 1º B- Bach., 4º ESO-C
- PISO: Abaixo, Medio, Medio, Arriba
- COR DE PELO: Negro, Rubio, Vermello, Castaño

1. Manolo ten o pelo negro.
2. A rapaza de 2º A non ten o pelo vermello.
3. O rapaz do piso e abaixo non ten o pelo negro.
4. Manolo é o único que usa lentes.
5. Irene está no piso de arriba.
6. A rapaza que está no piso do medio non ten o pelo vermello.
7. A rapaza do pelo rubio é de letras.

NOME	CURSO	PISO	COR DE PELO
<i>Manolo</i>			
<i>Irene</i>			
<i>Xabier</i>			
<i>Carme</i>			



Mateo Ramos Merino
2º Bach. A

